

Propostas da Fundación Secretariado Gitano para as **ELECCIÓNS MUNICIPAIS** **GALICIA**



MAIO 2023



As eleccións municipais que se celebrarán o **vindeiro 28 de maio** son clave para asentir as bases dunha etapa de recuperación tras as distintas crises, que están a afectar de maneira diferencial aos grupos en situación de maior vulnerabilidade social, como a comunidade xitana. Nun contexto de crecentes desigualdades sociais, é necesario reforzar o sistema de protección social e fortalecer as políticas sociais de maneira que se garanta a igualdade en dereitos e oportunidades para o conxunto da cidadanía.

Desde a **Fundación Secretariado Xitano** queremos contribuír ao proceso electoral e á toma de decisións achegando propostas en dúas direccións.

Por unha banda, **reforzando as políticas de loita contra a pobreza e a exclusión social**, apostando por medidas que promovan a cohesión social e os dereitos máis básicos de toda a cidadanía: garantía duns ingresos mínimos que protexan contra a pobreza asegurando oportunidades reais de activación das persoas; prioridade ás persoas en situación de maior vulnerabilidade nos investimentos en educación, emprego, vivenda e na infancia.

Doutra banda, **propoñemos medidas específicas que aborden a alta incidencia da pobreza e a profunda brecha de desigualdade** que afecta á comunidade xitana nos ámbitos da educación, o emprego ou o acceso a unha vivenda, entre outros; a iso súmase a discriminación e o antixitanismo que afecta a todas as esferas da vida das persoas xitanas. Requírense, por tanto, medidas para compensar a súa situación de desvantaxe, garantindo a igualdade, a inclusión e a participación en liña coa Estratexia Nacional para a Igualdade a Inclusión e a Participación do Pobo Xitano 2021-2030.

Todo iso aproveitando as oportunidades de investimento que supoñen os Fondos Europeos, tanto os **Fondos NextGeneration**, como o novo período de programación dos **Fondos de Cohesión (FSE+ e FEDER) 2021-2027**, cuxos Regulamentos recollen de maneira específica á poboación xitana como un dos grupos sociais de atención prioritaria.

Situación da poboación xitana en datos

O 86% das persoas xitanas está en situación de pobreza e o 46% en extrema pobreza

A taxa de pobreza infantil é do 89%

O 66% das persoas xitanas son menores de 30 anos

6 de cada 10 nenos ou nenas xitanas non consegue o título da ESO

Só o 17% da poboación xitana maior de 16 anos ten completados estudos de ESO ou superiores

Máis de 9.000 familias xitanas seguen vivindo en infravivenda e chabolismo

A taxa de emprego é só do 30%, 16% no caso das mulleres

O 39% das persoas xitanas senten ser discriminadas



12 propostas para avanzar na igualdade das persoas xitanas: garantía de dereitos sociais, loita contra a discriminación e promoción do recoñecemento e a participación

1



PROTECCIÓN EFECTIVA FRONTE Á POBREZA,

garantindo uns ingresos adecuados ás familias en situación de maior vulnerabilidade social, asegurando ao mesmo tempo a activación das persoas para a súa inclusión socio-laboral.

2



PLAN DE CHOQUE PARA COMBATER O FRACASO ESCOLAR,

poñendo en marcha, medidas de orientación, de apoio e de reforzo educativo adaptadas ás necesidades do alumnado xitano para asegurar que finalizan a etapa obrigatoria, e continúan a estudos post-obrigatorios, cunha atención especial á redución da fenda dixital.

3



POSTA EN MARCHA EFECTIVA DE MEDIDAS PARA PREVI R E COMBATER A SEGREGACIÓN ESCOLAR,

abordando a alta concentración de alumnado xitano en determinados centros educativos ou clases.

4



ATENCIÓN ESPECIAL Á INFANCIA XITANA

no deseño de medidas políticas ou asignación de recursos para abordar a pobreza infantil desde unha perspectiva integral, en liña coas prioridades de investimento establecidas para a Garantía Infantil.

5



PROGRAMA PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO

que poña as bases para acabar cos asentamentos chabolistas, combinando as medidas de realoxamento con acompañamento e apoio social ás familias durante todo o proceso

6



PRIORIZAR A INTERVENCIÓN E REHABILITACIÓN DE BARRIOS EN SITUACIÓN DE ALTA VULNERABILIDADE,

con investimentos que garantan non só vivendas dignas, senón a actividade económica, as comunicacións e o acceso aos recursos e servizos públicos.

7



INTENSIFICAR AS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO, ESPECIALMENTE AQUELAS DESTINADAS A COLECTIVOS DE ATENCIÓN PRIORITARIA COMO A POBOACIÓN XITANA.

baseadas en itinerarios personalizados, adaptados ao perfil educativo e laboral de cada persoa para facilitar o seu proceso de inserción laboral, asegurando a formación en competencias dixitais, e tendo sempre en conta a perspectiva de xénero.


8



PROTEXER E MODERNIZAR A VENDA AMBULANTE COMO UNHA ACTIVIDADE ECONÓMICA RENDIBLE E SOSTIBLE

un comercio de proximidade que contribúa ao desenvolvemento económico das cidades e pobos


9



ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DAS MULLERES XITANAS,

especialmente daquelas en situación de maior vulnerabilidade, promovendo medidas para o seu desenvolvemento social, persoal e laboral, que sirvan para compensar as desvantaxes e barreiras que sofren na súa dobre condición de mulleres e xitanas.


10



MEDIDAS INCLUSIVAS PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL

que afecta ao conxunto da poboación xitana, como parte da cidadanía e tendo en conta a necesaria formación en competencias dixitais para o exercicio de dereitos e a igualdade de oportunidades.

11



POSTA EN MARCHA DE MEDIDAS E SERVIZOS DE ASISTENCIA E ORIENTACIÓN ÁS VÍTIMAS DE DISCRIMINACIÓN POR ORIXE ÉTNICA OU RACIAL

que ofrezan un marco de actuación e protección ás vítimas, desenvolvendo tamén accións de sensibilización para combater a imaxe social negativa da comunidade xitana.

12



RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL DA COMUNIDADE XITANA E PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN,

poñendo en valor a súa historia e a súa cultura, e xerando as condicións para unha participación plena das persoas xitanas nas distintas esferas da sociedade.

ELECCIÓNS MUNICIPAIS GALICIA 2023

A Fundación Secretariado Gitano (FSG) é unha entidade intercultural, sen ánimo de lucro, que leva corenta anos traballando pola inclusión social da comunidade xitana e a igualdade de oportunidades en todo o territorio español e no ámbito europeo.

Conta actualmente con 73 sedes en 14 comunidades autónomas



SÍGUENOS EN:



© Fundación Secretariado Gitano
Rúa Ulla, 27. Local comercial nº 4
15702 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 41 90
fsgsantiago@gitanos.org
www.gitanos.org